

---

**DONA CONSTANZA DE CASTRO  
TOMA A FORTALEZA DE VILAXOÁN.**

**LOITA,  
RESISTENCIA  
E MORTE**

---

Antón Xosé Meilán García



**MANUEL MARÍA**, *in memoriam*

## **HAI SOMBRAS QUE SEMPRE NOS ASOMBRAN E ALBORADAS QUE NON VOLVEN NUNCA MÁIS.**

(*O Mariscal*. A derradeira colaboración de Manuel María en «O Correo das culturas», *El Correo Gallego*, 10/09/2004).

---


### **ÍNDICE**

1. Resumo dos últimos anos de Pardo de Cela .....	3
2. O furto da torre fortaleza de Vilaxoán .....	8
3. A toma, loita e resistencia en Vilaxoán .....	10
4. Morte de dona Constanza. A auga podrecida. Analoxías coa Frouseira .....	17
5. Fin do cerco e venda dos bens de Fernán Ares. Analoxías e diferenzas entre o final de Pardo de Cela e o de dona Constanza de Castro .....	18
6. Dona Constanza de Castro e as fortalezas de Vilaxoán e a Frouseira .....	21
7. Apéndice documental .....	23
8. Manifesto lido diante da torre fortaleza de Vilaxoán .....	29


## 1 \_\_\_\_\_ 1

A Pardo de Cela, a dona Constanza e a Fernán Ares de Saavedra tocoulles viviren a cabalo de dúas etapas do medievo: a propiamente medieval, en que o poder feudalista imperaba en toda Galiza, onde os señores, pequenos reis nos seus territorios, residían nos seus castellos e exercían a súa propia xurisdición civil e criminal sobre vidas e facendas. Eran donos e señores de «forca e coitelo»; e unha segunda etapa, en que se comeza a derrubar todo o sistema feudalista señorial da época anterior e se poñen os cimentos do estado moderno, debido á política unificadora dos Reis Católicos, na que concretamente é degolado o Mariscal, morre dona Constanza en plena loita contra as tropas do reino de Castela e a Fernán Ares véndeselle todo o seu patrimonio familiar. E isto foi así porque non quixeron someterse á política unificadora dos Reis do reino de Castela<sup>1</sup>. A maioría dos nobres galegos aceptou os mandatos reais e o reino de Castela comezou a facer o que deu en chamar a «pacificación» de Galiza, que non era outra cousa que impor a espada e morte os mandatos centralistas dos Reis, que, por certo, levaron a termo implacabelmente os distintos Comisionados, nomeados por dona Isabel e don Fernando, neste último terzo do medievo galego. Pardo de Cela tivo tempo dabondo –desde o ano 1476– de aceptar os mandatos reais, mais tamén desde esa data se mostrou contrario e rebelde ao que lle expedían desde o reino de Castela. É máis, polo menos un par de veces chamárono os Reis para que se presentase diante deles «sin luenga tardanza» e así rendera contas dos seus actos, e non foi. Puido ir e pórse a ben con eles, mais non foi. Quixo, coma señor feudal que era, seguir defendendo o seu e só o coitelo do verdugo puido con el, degolación na que, por certo, ademais, fatalmente, coincidiron outras circunstancias, entre elas o interese da igrexa mindoniense polas terras que lles levaba Pardo de Cela ou as xenreiras e hostilidades dos Pérez de Viveiro, viscondes de Altamira.

1. Vide Anselmo López Carreira, *O reino medieval de Galicia*, Edicións A Nosa Terra, 5, Santo Tirso-Portugal, 2005, páxs. 423-426.



— A Pena Frouseira, que xamais se veo vencida, onde combateu Pardo de Cela ás tropas dos Comisionados reais



No último terzo do século xv, no bispado mindoniense había tres grandes señores: o bispo co seu Cabido, que eran donos de case todas as terras que abranguía o bispado, e ao que hai que engadir o dominio de dous importantes mosteiros: o de Vilanova de Lourenzá e San Martiño de Mondoñedo. O testamento do Mariscal vén a confirmar o dote da voda, dado os moitos bens que levaba da igrexa mindoniense e que non eran polo cargo que tiña<sup>2</sup>, así como a súa relación cos mosteiros citados, de aí o interese da curia mindoniense na súa degolación; os Alonso Pérez de Viveiro, viscondes de Altamira, que eran donos e señores do señorío de Viveiro, cos que tivo tensos enfrontamentos e que, por cuestións familiares, indubidabelmente influíron na degolación do Mariscal, e o propio Pardo de Cela cun bo patrimonio no concello do Valadouro, no de Mondoñedo, na franxa da Mariña correspondente e cun pazo en St.<sup>a</sup> Marta de Ortigueira e a casa do Carballo de Galdo, en Viveiro. Non hai máis que ler o seu testamento para estar de acordo con Vasco de Aponte cando di que «No comía dinero dél, porque comía todo el obispado de Mondoñedo»<sup>3</sup>. Cada cal fixo a loita pola súa parte con enfrontamentos, agravios e desmáns de todo tipo: roubos, refregas, mortes..., até que terminou gañando o poder dos reis de Castela que, aliados coa igrexa mindoniense, levaron ao cadafalso ao Mariscal Pardo de Cela. Pagou coa súa vida a insubmisión á política centralista que levaron a termo os reis do reino de Castela.

2. Vide Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, «El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, 2013, páxs. 198-205.

3. Vide Vasco de Aponte, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, Intr. y Edic. crítica con notas, Santiago de Compostela, 1986, páx. 167.

## 1 \_\_\_\_\_ 2

Aos dous anos de subiren ao trono os Reis Católicos, en outubro do 1476 destitúen de alcalde de Viveiro a Pardo de Cela, e desde xuño do 1478, por mandato real tamén, prohíbeselle entrar nos concellos de Ortigueira, Viveiro e Mondoñedo<sup>4</sup>. Fica, pois, obrigado e limitado a vivir no concello do Valadouro e na franxa da Mariña correspondente, que será onde é detido no 1483. Ante estas



ofensivas reais, pídelles aos Reis a primeira carta de seguro e amparo en agosto do 1478. A finais de setembro do 1480 chegan a Galiza as tropas reais mandadas polos Comisionados reais Fernando de Acuña, Xustiza Maior e Gobernador, o capitán Luis de Mudarra e o licenciado López de Chinchilla con trescentos soldados de a cabalo. Pardo de Cela, vendo que veñen a por el, pide unha segunda carta de seguro e amparo aos Reis<sup>5</sup> o 4 de novembro do ano 1480, dato que nos fai supor que xa estaba en pena Frouseira, xunto con vinte e tres criados<sup>6</sup>. Aquí failles fronte ás tropas castelás, e a aquelas galegas que se uniron ás reais, durante dous anos longos de asedio, loita e mortes. No Valadouro fálase dos «mártires da Frouseira»<sup>7</sup>. E visto que non a daban conquistado, Fernando de Acuña e Luis de Mudarra subornan os criados, que traman a traizón. O criado traidor foi Roy Cofano de St.<sup>a</sup> Cruz do Valadouro<sup>8</sup>. Estes anos de loita, que o ergueron á categoría de mito entre o pobo, ficaron recollidos nuns romances populares titulados «Cantar do Mariscal ou Pranto pola Frouseira», que ao pouco de ser degolado foron trobados e cantados nas feiras e romarías da Mariña lucense, onde uns dos seus versos din:

**DE MIN, A TRISTE FROUSEIRA, / QUE POR TREIÇÓN  
FOI VENDIDA / DERRIBADA NA RIBEIRA, / CA XAMAIS  
SE VEO VENÇIDA**<sup>9</sup>

4. Máis desenvolvido en Antón X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. Historia, Lendas e Literatura*, Asociación Cultural O Mundo de Galea, A Mariña Lucense, Lugo, 2004, páxs. 71-86.

5. Publicada e transcrita por Francisco Mayán Fernández, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela, a la luz de nueva documentación histórica*, Gráficas A. Santiago, Vivero, 1962, páxs. 55 e ss. Nótese como pide as dúas cartas de seguro e amparo en dous momentos críticos da súa vida, que ao final non lle serviron para nada.

6. Eran 22 homes e unha muller, Elvira de Muras. Sábese o nome de todos eles e de onde eran. E tanto eles como os seus descendentes, por traidores, tiveron que pagar aos familiares do Mariscal un vellón de la e dous capóns, e até hai pouco tempo, os descendentes non podían ser testemuñas nos xuízos.

7. Vide Antón X. Meilán García, *Os últimos días do Mariscal (O testamento e a Igrexa mindoniense)*, Cadernos do Seminario de Estudos do Valadouro, 9, Sociedade. Seminario de Estudos do Valadouro, 2019, páxs. 5-8.

8. Aínda hoxe, aos de St.<sup>a</sup> Cruz do Valadouro chámanlles os «prexurados» (os que xuraron en falso) porque se supón que Roy Cofano era de aquí, aínda que a *Relazon da Carta Xecutoria* pon que era do Valadouro; vide Antón X. Meilán García, *Os últimos días do Mariscal (O testamento e a Igrexa mindoniense)*, pág. 7.

9. Algunhas variantes en Antón X. Meilán García, *O "Mito" do Mariscal Pardo de Cela. Historia, Lendas e Literatura*, páxs. 164-171.

Sen a Frouseira<sup>10</sup>, Fernando de Acuña, en colaboración coa igrexa mindoniense, busca a maneira de pillar o Mariscal e téndelle unha trampa na casa de Afonso Yáñez en Castrodouro (Alfoz- Ferreira do Valadouro), capelán do bispo mindoniense e amigo de Pardo de Cela<sup>11</sup>. Alí, despois dunha cruenta batalla con feridos e mortes<sup>12</sup>, lévano para Mondoñedo, onde está preso dez días, e previo paso pola casa de Fernán Balea, cóengo da catedral mindoniense, fanlle e asina o testamento o día 1 de outubro do 1483 e o día 3, un codicilo<sup>13</sup>. Coa tinta aínda fresca<sup>14</sup>, sácano á praza, onde é degolado, xunto co seu fillo<sup>15</sup>, e posteriormente ambos son enterrados na catedral mindoniense, ao pé do altar maior, onde en 1964 apareceu a súa tumba<sup>16</sup>, no mesmo sitio que poñía a *Relazon da Carta Xecutoria*. Como se pode apreciar, os últimos días da súa vida o Mariscal andou de casa en casa de cóengos<sup>17</sup>, da de Afonso Yáñez á de Fernán Balea, o que sen lugar a dúbida terminou de erguelo deseguida a mito entre a xente dun pobo que estaba afoxada por foros, encomendas e oblatas da igrexa mindoniense. Aínda hoxe se escoita entre a xente de idade que «tiveron que matalo porque lle tiñan medo e non podían con el». Degolados, pois, o Mariscal e o seu fillo, dona Constanza de Castro e Fernán Ares de Saavedra deciden tomar a fortaleza de Vilaxoán para trataren de vingar o axustizamento do pai e dobregaren as tropas dos Comisionados que mandaron desde o reino de Castela.



... A lápida da tumba, trasladada de sitio, na que xa apenas se percibe o escudo. Foto: Abel Vigo

10. A Frouseira foi o talón de Aquiles do Mariscal; sen ela apenas durou uns meses; e Fernando de Acuña e Luis de Mudarra danlle a segunda volta de torca a Pardo de Cela, pois non só lla derrubaron, senón que non ficou pedra sobre pedra porque, se non lla derrubaran totalmente, o Mariscal podía reconstruíla e volvería a seguir loitando.

11. Vide Antón X. Meilán García, «O último ano do Mariscal Pero Pardo de Cela: o cerco e a traizón da Frouseira», *Murguía, Revista Galega de Historia*, 13, 2007, páxs. 73-77, e *Os últimos días do Mariscal (O testamento e a Igrexa mindoniense)*, páxs. 8-12.

12. Está recollido polos cronistas reais e pono tamén a *Relazon da Carta Xecutoria*.

13. Vide Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, «El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento», páxs. 188-190.

14. As testemuñas dun xuízo que lle puso unha neta do Mariscal ao bispado mindoniense afirman que, nada máis facer o codicilo, saíu da casa de Fernán Balea para ser axustizado.

15. Vide Antón X. Meilán García, *Os últimos días do Mariscal (O testamento e a Igrexa mindoniense)*, páxs. 8 e ss.

16. Enrique Cal Pardo, «Prólogo» en Antón X. Meilán García, *O «Mito» do Mariscal Pardo de Cela. Historia, lendas e literatura*, páxs. 19-22.

17. En Castrodouro colléndoo a traizón, e en Mondoñedo obrigándoo a asinar un testamento coa ameaza do coitelo do verdugo.




\_ A catedral mindoniense onde está soterrado Pardo de Cela e o seu fillo, xunto ao altar maior

A primeira noticia do furto da fortaleza de Vilaxoán dánola Vasco de Aponte:

### **FERNÁN ARES [...] DESQUE CASÓ CON DOÑA CONSTANÇA DE CASTRO, SU TÍA, PORQUE EL GOVERNADOR DON FERNANDO DE ACUÑA DEGOLLARA A PEDRO PARDO SU PADRE DELLA, CONSEJÁRONSE QUE FURTASE A VILLAJUAN Y QUE NO OBEDEÇIESEN AL REY<sup>18</sup>**

Repárese en dúas verbas que pon Aponte: *consejáronse* e *furtase*. Como cabe supor, na degolación do Mariscal, tiveron que estar presentes, ou polo menos neses momentos en Mondoñedo, os familiares, amigos e achegados da casa dos Cela, malia que no seu testamento (feito os tres derradeiros días da súa vida) non o asina

18. Vasco de Aponte, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, páx. 123.







ningún familiar, polo que hai que pensar que, nesas circunstancias tan dramáticas, estivo só e presionado até as trancas polos cregos<sup>19</sup>, asinando todo o que lle puñan por diante. Unha vez que o degolan é cando a familia –segundo Vasco de Aponte– decide, aconsellada polos seus amigos, furtar Vilaxoán. E, se a furtan, é porque non era deles, senón que nestes intres –como xa se sabe– era dos viscondes de Altamira, dos Pérez de Viveiro, e nela estaban as tropas reais que dirixían os Comisionados<sup>20</sup>. O feito é que dona Constanza de Castro e Fernán Ares deciden meterse en Vilaxoán, e non noutra torre, porque coñecían perfectamente o enclave defensivo tan privilexiado que tiña, dado que fora deles. Podemos afirmar, como no caso da Frouseira, que era inexpugnábel, coa diferenza de que a Frouseira era unha pena roqueira a máis de 500 metros ao nivel do mar, cun único acceso pola cara noreste e con tres recintos defensivos. Tiña

19. Dos 14 que asinan o testamento, 5 eran cóngos da catedral mindoniense; vide *Os últimos días do Mariscal* (O testamento e a Igrexa mindoniense), páxs. 16-24.

20. Vide Antón X. Meilán García, «O cerco á fortaleza de Vilaxoán. A loita e resistencia de dona Constanza de Castro e Fernán Ares despois de Pardo de Cela», apartado 2.3, de próxima aparición na revista *Murguía*, *Revista Galega de Historia*.



\_ Furado onde estaba anclada a estrutura da ponte elevadiza

unhas condicións naturais orográficas que a facían inaccesíbel, de aí que no intento de conquistala houbera tantas mortes; mentres que en Vilaxoán a rexa e consistente construción da torre con muros de pedra de máis de dous metros de grosor, a protección da muralla, e entre esta e a torre, a barbacana, todo protexido, ademais, por catro profundos fosos, facían imposíbel chegar a ela<sup>21</sup>. O único sitio polo que se podía acceder á torre e así poder vencer os de dentro era pola porta de entrada, protexida tamén por unha ponte elevadiza. Malia que eran tres grupos de tropas con todo o seu armamento: as dos Comisionados, as dos Andrade e as de Ribadeneira, non foron capaces de a conquistaren, o que demostra a seguranza defensiva que tiña esta fortaleza<sup>22</sup>.

## A TOMA, LOITA E RESISTENCIA EN VILAXOÁN

## 3

### 3 \_\_\_\_\_ 1

O primeiro documento polo que sabemos que dona Constanza e os seus xa estaban en Vilaxoán (agás as referencias de Vasco de Aponte) déunolo a coñecer José García Oro, datado o 3 de xaneiro do 1484 en Valladolid<sup>23</sup>. Trátase dunha orde real dirixida ao Xustiza Maior, D. Diego López de Haro, na que se confirman catro feitos relacionados co cerco a Vilaxoán: a) que a fortaleza pertencía ao visconde de Altamira, don Alonso Pérez de Viveiro, b) que dona Constanza e Fernán Ares entraron nela tomándoa tiranamente e prendendo o alcaide, c) que, unha vez tomada a fortaleza, o visconde temía que fora derrocada (coma estaba lexislado nestes casos), e d) pide aos Reis e estes ordenan que non se derrube até

21. Vide os datos construtivos en Manuel Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia, La Voz de la Verdad, Lugo, 1959, T. II, páxs. 107 e ss.* Sería interesante e necesario facer un estudo arqueolóxico rigoroso para saber con exactitude por onde ía o muro, o enclave da ponte elevadiza, a barbacana, onde estaba o pozo, etc.

22. Meterse en Vilaxoán sen esperar unha vitoria non deixa de ser un suicidio; por iso cremos que dona Constanza e Fernán Ares se meteron pensando nunha vitoria. Probabelmente agardarían axuda de fóra, dos Boloño e dos Miranda, que xunto con Pardo de Cela, eran coñecidos polos «tres Pedros» de Galiza. De feito, preso Pardo de Cela en Mondoñedo, foi executado «tan presto» porque receaban que o viñesen liberar. É máis, dada a amizade de Fernán Ares cos Andrade, que era ademais capitán da súa casa, é moi probábel que agardasen a súa axuda; mais a recente degolación do Mariscal parece que tivo os seus efectos disuasorios, non fose ser que corresen a mesma sorte que el. De aí que dona Constanza e Fernán Ares ficasen sós, sen axuda ningunha.

23. Cfr. José García Oro, «Vivero y la familia de los Pardo de Cela», en *Estudios Mindonienses*, 4, Salamanca, 1988, doc. n.º 8, pág. 188, e no noso apéndice documental doc. n.º 1.



— Furados feitos polos bolaños que lanzaban os trabucos

que eles non digan o que se debe facer con ela. Coas mesmas verbas que aparecen na orde:

*porque agora dis que vos teneys çerca (sic)<sup>24</sup> la fortaleza de Villajuan la qual dis que es del dicho Visconde e de su mayordomadgo, e que Juan Alvares de Sayavedra ge la entrara e tomara tyranamente e prendiera al alcayde quel tenia en ella puesto, e que, porque se temia e reçelava que vos despues de tomada la dicha fortaleza, la derrocariades o fariades derrocar, lo qual non se devia faser pues que del dicho mayoradgo, por ende nos suplicava e pedía por merçed çerca dello [...] Lo qual por nos visto mandamos dar esta nuestra carta para vos en la dicha rason, por la qual vos mandamos que, tomada la dicha fortaleza de Villajuan, non derroquedes nin fagades nin consintades derrocar, fasta tanto que nos vos enviemos mandar lo que sobre ello se deve faser,*

documento que demostra tamén a excelente relación dos Reis cos Pérez de Viveiro, viscondes de Altamira, xa que os propios Reis contraveñen os seus mandatos de derrocar as fortalezas en caso de rebelión (coma era o caso), amizade que, por outra banda, tivo moito que ver coa degolación do Mariscal<sup>25</sup>.

Sobre a data da toma de Vilaxoán, aínda que este documento está asinado o 3 de xaneiro do 1484, en boa lóxica hai que pensar que, se ao Mariscal o degolan o día 3 de outubro do 1483, dona Constanza e Fernán Ares entrarían en Vilaxoán a finais deste mes, como moi tarde. Tiveron 28 días para prepararen toda a comitiva (§ 3.3).

24. Polo contexto do documento hai que entender e ler «cercada».

25. Vide Antón X. Meilán García, «O cerco á fortaleza de Vilaxoán. A loita e resistencia de dona Constanza de Castro e Fernán Ares despois de Pardo de Cela», apartado 5-6.º, de próxima aparición na revista *Murguía*, *Revista Galega de Historia*.

### 3 \_\_\_\_\_ 2

Sete meses máis tarde, o 16 de agosto do 1484, volvemos a ter noticia sobre o cerco a que estaba sometida a fortaleza. Trátase dunha carta que, por mandato dos Reis, escribe o secretario Álvarez de Toledo, ordenándolle a D. Diego López de Haro o que ten que facer cando remate o cerco. Nela dálle potestade ao Xustiza Maior para a confiscación e venda dos bens de Fernán Ares, co fin de pagar todos os gastos ocasionados por tal motivo. E por esta carta sabemos que o cerco a Vilaxoán non foi unha aventura nin un feito pasaxeiro, pois nela déixase constancia de que a fortaleza estaba sitiada e rodeada con moitas xentes de a pé e a cabalo. Foi máis dun longo ano de loita por ambas as partes. As secuelas deste cerco e loita aínda son visíbeis na fronte central da torre, onde se aprecian numerosos ocos como consecuencia dos impactos dos bolaños tirados polos trabucos. En verbas de Lence Santar «por el sur, conserva huellas de haber sido reciamente combatida»<sup>26</sup>. Lembremos ademais que a Fernán Ares lesionouno unha pedra dun trabuco:

26. Vide Eduardo Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Ceta. La Santa Hermandad*, Tomo I, Tip. De Centro de Acción Social Católica, Mondoñedo, 1930, pág. 84.

## Y FERNÁN ARES, QUE TAMBIÉN ADOLESCIO, FUÉ FERIDO DE UNA PIEDRA DE UN TRABUCO<sup>27</sup>

Curiosamente despois de cinco séculos aínda puidemos fotografar dous bolaños, que se encontran no soto. Mais vexamos o que segue poñendo o documento:

*Abos Don Diego Lopez de Aro nuestro justicia mayor de Galicia salud y gracia sepades que nos abemos sauido que Fernan Dares de Saavedra a sseido y es rebelde contra nuestros mandamientoss e de nuestra Justicia*

27. Vide Vasco de Aponte, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, páxs. 123-124.



— Bolaños que lanzaban os trabucos

*en el Reino e hecho otras cosas e ynquietos contra la dha nuestra Justicia e contra nuestro servicio por lo qual la dha nuestra Justicia queriendo proceder contra el e contra los otros que con el estan en la dha rreuelión con muchas gentes de acavallo de apie tienen cercado e asitiado en una fortaleza que se dice Villajuan<sup>28</sup>,*

onde se ratifica que Fernán Ares se rebelou contra os Reis e que López de Haro ten cercada a fortaleza con moitas xentes de pé e a cabalo. E segue dicindo:

*es nuestra merced que para ello se bendan de los dhos sus basallos e bienes e rentas lo que bastare para pagar la dha gente e las otras costas que sean fecho e hicieren en el dho cerco por ende confiando de vos que soys tal que bien e fielmente e sin ningún fraude areis lo que por nos fuere mandado y encomendado por la presente vos damos poder cumplido para que por noss y en nuestro nombre podais traer en almoneda publica por ante escribano publico los dhoss sus vasallos y bienes e rentas e qualquiera parte dellos e lobended todo en la parte que bastare para pagar la dha gente que a estado y estbiere en el dicho cerco e las otras costas e daños que ende se hicieren porque vos mandamos que luego entredes e tomedes los dichos vasallos e rentas e bienes muebles e raices e loss pongades en precio en la dha almoneda e los bendades e rrematedes en quien mas diere por ellos<sup>29</sup>.*

Ante dita rebelión, vemos que os Reis insisten, unha e outra vez, en que se vendan os vasallos, bens, rendas etc., en almoeda pública e ante escribán público para pagamento dos gastos ocasionados polo cerco. É máis, vaticinan que coa venda do seu patrimonio «destruirán» para sempre o dito Fernán Ares, herdeiros e sucesores, ou mellor, recollendo a expresión da Cédula Real «ponemos perpetuo silencio al dho Fernan Dares y a sus herederos e suscessores que en ningun tiempo pidan ni demanden los dhos bienes e vasallos a las tales personas que los compraren» así:

*e ponemos perpetuo silencio al dho Fernan Dares y a sus herederos e suscessores que en ningun tiempo pidan ni demanden los dhos bienes e vasallos a las tales personas que los compraren e mandamos a las dhas nuestras Justicias que agora son o seran de aquí adelante que sobre llo no oyan en juicio ni fuera del antes defiendan e amparen en la posesion dellos a las tales personas que ansi compraren loss dichos bienes e vasallos e rrentass muebles e raices e a sus herederos y suscessores para siempre jamás<sup>30</sup>.*

E mandan aos responsábeis da Xustiza «que agora son o seran de aquí adelante» que non admitan ningún tipo de reclamación sobre a venda, máis ben que defendan e amparen a súa posesión aos compradores, aos seus herdeiros e sucesores. Estes eran os

28. Cfr. Eduardo Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, páx. 81, e no noso apéndice documental doc. n.º 2.

29. Vide Eduardo Lence-Santar y Guitián, *op. cit.*, páx. 82, e no noso apéndice documental doc. n.º 2.

30. Vide Eduardo Lence-Santar y Guitián, *op. cit.*, páx. 82, e no noso apéndice documental doc. n.º 2.

mandatos dos Reis que, como consecuencia da sublevación de dona Constanza e Fernán Ares contra eles, se lles venda todo o seu patrimonio sen apelación posíbel. E finalmente mandan que se cumpra todo o que ordenan baixo pena de privación do oficio e confiscación de bens aos que non o fixeren. Mandan tamén que se chame a un escribán público para que dea fe e así se cumpra todo, segundo orde real:

*por esta nuestra carta vos damos poder cumplido con todas sus yncidencias e dependencias a que pidades e con el pidades e los unos ni los otros no fagades ni fagan ende al por alguna manera sopena de la nuestra merced e la pribación del oficio o oficios e confiscación de los vienes a cada uno de los que lo contrario hicieren para nuestra camara e fisco e demas mandamos al ome que le esta mi carta mostrare que los enplace que parezcan ante nos en la nuestra corte doquier que nos seamoss desde el día que los emplaçare hasta quinze días primeros siguientes sso la dha pena sso la qual mandamos a qualquier escribano publico que paraello fuere llamado que de ende al que se lo mostrare testimonyo signado con su ssigno porque nos sepamos como se cumple nuestro mandado<sup>31</sup>.*

Como mandaron escribir os Reis ese 16 de agosto do 1484 en Córdoba, así se fixo dez meses despois, o día 11 de xuño do 1485 na praza das Cortiñas de Lugo.

### 3 \_\_\_\_\_ 3

O 27 de novembro do 1484 aínda Fernán Ares e dona Constanza de Castro seguían «en fortalessados et en castillados» en Vilaxoán, como pon un documento da catedral mindoniense datado ese día e publicado por don Enrique Cal Pardo<sup>32</sup>.

No dito documento recóllense todos os incidentes do preito entre o Cabido de Mondoñedo e o cabaleiro Pedro Bolaño, cuñado de Fernán Ares, sobre a Sucesión de Burela (en pleno acoso da igrexa mindoniense sobre a familia de Pardo de Cela)<sup>33</sup>, e dá conta dunhas testemuñas que estaban «en fortalesados et en castillados» en Vilaxoán con Fernán Ares de Saavedra e que por iso non poderían testificar:

*Et luego que el dicho su parte oviera / la dicha carta de reçentoria enbiara vn procurador suyo con ella / a la çiudad de Betanços do estauan los dichos reçentores et los re/quiriera que fiziesen lo en ella contenido. Et los dichos reçentores non / quisyeran dar seguro a çiertos testigos que el dicho su parte queria / presentar para prouar la dicha falsedad porque el los ententaua / et llamava a pregones porque estauan en conpania de Ferrnand Aarias / de Sayavedra que tenia et tiene forçada la fortaleza de Villajuan / do ellos estauan metidos en fortalesados et en castillados ayudando / al dicho Ferrnand Aarias et faoueresçiendole et los dichos justiçias mayores / por nuestro mandado teniendo(?) çercada la dicha fortaleza et el dicho Ferrnand A/rias et los que*

31. Vide Eduardo Lence-Santar y Guitián, *op. cit.*, páx. 82, e no noso apéndice documental doc. n.º 2.

32. Enrique Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Consello da Cultura Galega, Gallaecia Monumenta Histórica, 1999, doc. 202a, páxs. 405-413, e no noso apéndice documental doc. n.º 3.

33. Lembremos que este acoso da igrexa mindoniense á familia Pedro Bolaño-Beatriz de Castro comezou o 14 de marzo do 1482 en vida do Mariscal, ano este en que tamén o concello mindoniense estaba embarcado nunha «guerra» contra a Frouseira; vide Antón X. Meilán García, «O último ano do Mariscal Pero Pardo de Cela: o cerco e a traizón da Frouseira», páxs. 66-68. Tamén en Ricardo Pena Domínguez, *Burela. Apuntes Históricos y Crónicas del siglo XX*, Deputación de Lugo. Colección Historia, 2004, páxs. 53-62.

*con el estauan por que non quieren salir della et la dexar et por / esta causa los dichos reçentores non quisieron dar el dicho se/guro a los dichos testigos et el dicho su parte durante el dicho termi/no fiziera todas sus diligençias para fazer la dicha prouançã et / non pudiera fazerla ansy por lo susodicho<sup>34</sup>,*

documento en que se demostra que a finais do mes de novembro aínda dona Constanza de Castro e Fernán Ares seguían facéndolles fronte ás tropas reais, ás dos Andrade e ás de Ribadeneira. E hai que supor (por esas testemuñas do preito da igrexa mindoniense pola Sucesión de Burela) que algúns criados que estaban en Vilaxoán eran de Pedro Bolaño e Beatriz de Castro. O que novamente demostra que houbo reunión familiar para tomar Vilaxoán, «consejaronles» pon Vasco de Aponte (§ 2).

Non sabemos con exactitude cando terminou o cerco, mais o que si sabemos, por outro documento datado o 13 de maio do 1485 en Córdoba, é que nesa data xa López de Haro se fixera coa fortaleza. Trátase dun documento en que a Raíña Católica lle dá instrucións desde Córdoba ao Xustiza Maior sobre a pacificación de Galiza, e no que se cita Vilaxoán, onde se di que estaba a «bo recaudo», documento que, por outra parte, é unha contestación a unha carta escrita con anterioridade por López de Haro:

**DON DIEGO LÓPEZ DE HARO MI JUSTICIA MAYOR EN**  
**EL REINO DE GALICIA. LO QUE YO MANDO RESPONDER**  
**A LAS COSAS CONTENIDAS EN EL MEMORIAL QUE CON**  
**FRANCISCO DE AVILA ME ENVIASTES ES ESTO: CUANDO**  
**A LO QUE DECÍS QUE POR TENER BUEN RECAUDO EN EL**  
**CERGO DE VILLAJUÁN E EN LAS OTRAS FORTALEZAS QUE**  
**TENEIS HABIÁDES REPARTIDO TODA LA GENTE DE CABALLO**  
**E DE PIE DE VUESTRA CAPITANIA EN ELLAS E QUE PORQUE**  
**VOS FALLÁBADES SIN GENTE ALGUNA HABIÁDES FECHO**  
**LLAMAR CIEN LANZAS POR TENER CUERPO DE GENTE PARA**  
**LAS COSAS QUE OCURRIESEN EN ESE REINO DE GALICIA**  
**CUMPLIDERAS A MI SERVICIO<sup>35</sup>**

34. Enrique Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo...*, doc. 202a, páxs. 407-408, e no noso apéndice documental doc. n.º 3.

35. Cfr. José García Oro, *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*, Toxosoutos, Noia (A Coruña), II.ª ed., páxs. 324-325, e no noso apéndice documental doc. n.º 4.

Por tanto, temos un período de 5 meses, desde o 27 de novembro do 1484 até o 13 de maio do 1485, en que, de momento, non sabemos o que pasou neste tempo, sobre todo cando foi exactamente o termo do cerco. Mais podémolo supor polas palabras de Vasco de Aponte, pois dinos que o gobernador don Diego López de Haro tivo cercado Vilaxoán un ano máis ou menos; coas súas palabras:

## **VÍNOLE A ÇERCAR EL** **GOVERNADOR DIEGO LÓPEZ** **DE HARO UN AÑO POCO MÁIS O MENOS**<sup>36</sup>

Tendo en conta, pois, o que nos pon Vasco de Aponte e, sabendo xa con certeza que a degolación do Mariscal foi o día 3 de outubro do 1483, dona Constanza e Fernán Ares, xuntamente cos seus vasalos, meteríanse en Vilaxoán a finais deste mes ou moi a comezos de novembro, non máis. Tiveron 28 días para faceren todos os preparativos (criados, abastecementos de víveres, material de combate etc.) e iren de Mondoñedo a Taboi e de aquí a Vilaxoán. Pensamos que os criados serían dos Bolaños e dos Saavedra, sobre todo, porque os de Pardo de Cela ficaran moi minguados coa loita da Frouseira, a de Castrodouro, e co axustizamento do Mariscal porque a Administración se lle incautou de todo o patrimonio. Polo tanto, podemos pensar que, se o cerco durou «un ano máis ou menos», e que, se o 27 de novembro do 1484 aínda estaban dentro, o ano xa estaba ben cumprido. E o remate do cerco poderíamos supoñelo en torno aos meses de xaneiro ou febreiro do 1485. En calquera caso, concretando, pois, un pouco máis a cita de Vasco de Aponte, estarían enfortalecidos «máis dun ano», e non menos.

36. Vide Vasco de Aponte, *op. cit.*, páx. 123.



## MORTE DE DONA CONSTANZA. A AUGA PODRECIDA. ANALOXÍAS COA FROUSEIRA

## 4

É novamente Vasco de Aponte quen nos di o motivo do termo do cerco a Vilaxoán:

*Y porque le secó el pozo de agua, hinchose de agua llovediza, y pudriose toda; de manera que todos adolesçieron y la señora fallasçió de dentro. Y Fernán Ares, que también adolesçio, fué ferido de una piedra de un trabuco y de los otros, tres hombres sanos<sup>37</sup>.*

En efecto, polo que di Vasco de Aponte parece que ficaron sen auga ao secar o pozo, polo que se enche con auga da choiva, que podrece, causando a morte de dona Constanza. E segundo di Aponte, todos os demais «adolesçieron», agás «tres hombres sanos» e Fernán Ares, que tamén «adolesçio» e «fué ferido de una piedra de un trabuco».

### 4 \_\_\_\_\_ 1

Mais nesta historia do Mariscal chea de traizóns (na Frouseira, na casa de Afonso Yáñez...) e de mortes sospeitosas (a propia do Mariscal, a do fillo, a de Pedro López de Sahagún...), permítansenos unhas reflexións sobre o fin do cerco e a auga podrecida do pozo ou do alxibe<sup>38</sup>. Unha torre fortaleza militar como a de Vilaxoán, de comezo ten que ter abastecemento de auga (estaba a tropa dos Comisionados reais dentro) e así se demostra tamén neste cerco, que foi máis dun ano de lavarse, xantar, cear, curar feridas... Non nos parece que andasen acarreirando auga. De feito, Vasco de Aponte fala dun «pozo». Tendo en conta isto, cremos máis verosímil o que nos di Vázquez Seijas ao respecto:

*Parece ser que la torre tenía en la planta del sótano un manantial de agua potable, que ahora, por estar cegada de escombros, no se percibe, pero se dice por aquella comarca, que pasa subterránea y aflora en Orreás, lugar próximo a la fortaleza, donde, en efecto, se ven varios yacimientos de agua, en el sitio denominado «Fontes de Villajuán», que forman el arroyuelo de este nombre<sup>39</sup>.*

Un par de reflexións, pois, sobre esta cuestión: como pode ficar sen auga un pozo ou un alxibe en pleno inverno en Galiza, nos meses de decembro, xaneiro ou febreiro? É difícil de crer. Moi difícil. E se podrecen as augas, non se ían decatar aqueles homes afeitos a todas as adversidades, xa sexa polo olor, polo aspecto, polo sabor etc.? Cando menos, parece moi estraño. Persoalmente e dado os antecedentes de traizóns na historia do Mariscal, non cremos esta explicación.

37. Vide Vasco de Aponte, *op. cit.*, páxs. 123-124.

38. Cfr. José Couselo Bouzas, *La Guerra Hermandina*, Tip. El Eco Franciscano, Estudios Gallegos, Santiago, 1926, pág. 96, e tamén en Antonio López Ferreiro, *Galicia en el último tercio del siglo XV*, Faro de Vigo, Vigo, 1968, pág. 100.

39. Manuel Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, T. II, pág. 115.

#### 4 \_\_\_\_\_ 2

Todo apunta a que se repite a estratexia da toma da Frouseira. Alí, despois de dous longos anos de resistencia, loita e mortes e ante a imposibilidade de conquistala, traman a traizón<sup>40</sup>. En Vilaxoán, despois dun ano longo de cerco e vendo que era imposíbel tomar a torre, López de Haro decide vencer a dona Constanza e os seus buscando os puntos máis febles, que non eran outros que derrotalos por fame ou sede. E elixen a maneira máis resolutiva. Como se afirma que a torre tiña un pozo de augas subterráneas, mudan o curso da corrente que o abastecía, co cal se seca o pozo e teñen que beber a auga do alxibe, que era auga da choiva. E a auga da choiva produce gastroenterite, doenza que pode levar á morte, como probabelmente lle pasou a dona Constanza, e aos outros, á enfermidade. Ou ben cabe a outra posibilidade de envelenar ou podreecer as augas do pozo desde fóra da torre polo curso da corrente que o abastecía. En calquera caso, foi un vencemento ou unha derrota provocada. Outra trampullada máis. Vilaxoán non foi conquistada senón tomada por engano.

### FIN DO CERCO E VENDA DOS BENS DE FERNÁN ARES. ANALOXÍAS E DIFERENZAS ENTRE O FINAL DE PARDO DE CELA E O DE DONA CONSTANZA DE CASTRO

## 5

#### 5 \_\_\_\_\_ 1

Morta, pois, dona Constanza e practicamente enfermos case todos pola inxesta de auga podre, Fernán Ares depón a loita. Vasco de Aponte recólleo claramente:

*Y Fernán Ares, que también adolesçio, fué ferido de una piedra de un trabuco y de los otros, tres hombres sanos, muy bien los prendieron y justiçiaran si no les valiera Diego de Andrade. Y por las cartas que se fiçieron entre el governador y Diego de Andrade y Alvaro Gonçález, partieron toda su haçienda en terçias<sup>41</sup>.*

isto é, López de Haro ía aplicar a lei tal como dixeran os Reis: axustizalos, derrubar a fortaleza e venderlles os bens, mais a intervención de Diego de Andrade sálvalles a vida. E isto foi así porque Fernán Ares era un dos principais capitáns da casa dos Andrade, da que recibía soldo<sup>42</sup>. Como se pode apreciar, en Galiza os grandes señores aínda tiñan o seu poder; ben é verdade que estaban «confadrados» con Reis; eran os chamados «deservidores del Rei». Mais do que non se librou Fernán Ares foi de lle desfaceren a súa facenda e de lle arruínaren a vida, tamén tal como mandaron escribir os Reis o 15 de agosto en Córdoba do 1484:

40. Vide Antón X. Meilán García, «O último ano do Mariscal Pero Pardo de Cella: o cerco e a traizón da Frouseira», pág. 71.

41. Vide Vasco de Aponte, op. cit., páxs. 123-124.

42. Vide Vasco de Aponte, op. cit., pág. 148, e tamén Eduardo Lence-Santar y Guitián, op. cit., pág. 80.

*e por que de sus bienes e basalloss e rentas se pague la gente que estuviere sobre la dha fortaleza e las otras costas que se an hecho e hicieren a su causa e culpa es nuestra merced que para ello se bendan de los dhos sus basallos e bienes e rentas lo que bastare para pagar la dha gente e las otras costas que sean fecho e hicieren en el dho cerco*<sup>43</sup>,

mandato que se fixo efectivo publicamente nunha praza da cidade de Lugo.

## 5 \_\_\_\_\_ 2

Tal como pon Vasco de Aponte, houbo negociacións entre as tres partes que participaron no cerco e, en consecuencia, «partieron toda su haçienda en terçias», é dicir, a parte dos Reis do reino de Castela, representada por Diego López de Haro, a de Diego de Andrade e a de Álvaro González de Ridadeneira, que participaron no cerco á fortaleza<sup>44</sup>.

O día 11 de xuño do 1485, na praza das Cortiñas de Lugo, con todo o aparato do Goberno Real, isto é, co Xuíz e Correxedor do Reino, notarios e escribáns puxeron á venda os seguintes bens<sup>45</sup>:

*La feligresía de San Juan de Lagostelle e San Mamed de Nodar San Pedro de Anafreita e Santiago de Míraz e Santa Maria Anxeriz e SSanta Maria de Saabedra y el Coto de Cela e rribademiño e la feligresía de San Martiño de Lamas y la feligresía de Arcilla e carral y bobeda e la felegresía de Santalla e San Breixamo y los casares de liganto y el coto de Saa de fojaca con todo lo a ello y cada una cosa e parte dello anejo e perteneciente*<sup>46</sup>.

Mais novamente Vasco de Aponte dinos que:

*Y Diego de Andrade luego le dió su parte y lo remedió; y el rey le aseguró la vida porque le sirvió en la de Málaga, mas nunca le quiso ver*<sup>47</sup>,

isto é, grazas ao pedimento de Diego de Andrade, o Rei sálvao de morrer degolado e ademais Diego de Andrade dálle a súa parte da facenda, que lle correspondía por axudar a combatelo no cerco á fortaleza<sup>48</sup>; mais destérrao de Galiza e mándao á guerra de Málaga, feito que tamén recolle López Ferreiro con palabras semellantes:

*El Gobernador le confiscó los bienes y lo condenó a la última pena; pero por mediación de D. Diego de Andrade que con Álvaro González de Ridadeneira había ayudado a D. Diego López de Haro a sitiar la fortaleza, obtuvo la libertad y la vida y aún recobró la tercera parte de sus bienes*<sup>49</sup>.

## 5 \_\_\_\_\_ 3

O que realmente tamén se mostra de máximo interese neste episodio de Caldaloba é a comparanza do fin de Pardo de Cela e o termo en Vilaxoán. A rebelión contra os Reis –como é coñecido– pagábase co derrubamento do castelo ou fortaleza,

43. Cfr. Eduardo Lence-Santar y Guitián, *op. cit.*, páx. 80, e no noso apéndice documental n.º 2.

44. É moi probábel que unha vez que remata o cerco, Fernán Ares e os sobreviventes quedaran reféns na torre mentres López de Haro negociou co Rei e Diego de Andrade sobre o fin do asedio. Recórdese que o alcaide da torre quedou refén de dona Constanza e Fernán Ares cando tomaron a fortaleza, torre que, por outra parte, seguiu sendo cuartel das tropas reais polo menos até 1493; vide J. García Oro, «Vivero y la familia de los Pardo de Cela», páxs. 198-199, e no noso apéndice documental doc. n.º 5.

45. Máis sobre a venda dos bens de Fernán Ares, vide Eduardo Lence-Santar y Guitián, *op. cit.*, páxs. 80-85.

46. Cfr. Eduardo Lence-Santar y Guitián, *op. cit.*, páxs. 82-83.

47. Vide Vasco de Aponte, *op. cit.*, páx. 124.

48. O xesto de Diego de Andrade de darlle a súa parte a Fernán Ares demostra a excelente relación que tiñan; por iso pensamos que dona Constanza e Fernán Ares, ao se meteren en Vilaxoán, agardaban a axuda dos Andrade.

49. Cfr. Antonio López Ferreiro, *Galicia en el último tercio del siglo XV*, páx. 100.

— Na Frouseira non quedou pedra sobre pedra e aínda hoxe hai montóns delas ciscadas por alí



onde se facían fortes, así como co axustizamento dos rebeldes e co embargo dos seus bens, que se poñían á venda pública. O resultado final é bastante distinto en ambos os casos: a) ambos cometen o mesmo delito: rebelarse contra os Reis Católicos, un na Frouseira, e dona Constanza e Fernán Ares, en Vilaxoán; b) ao Mariscal derrúbanlle a Frouseira, da que apenas ficaron os cimentos, a dona Constanza e Fernán Ares non, porque o pide reiteradamente o visconde de Altamira, Alfonso Pérez de Viveiro, dono da torre de Vilaxoán, amigo dos Reis e rival dos Pardo de Cela<sup>50</sup>; c) a Pardo de Cela cólleno a traizón na casa de Afonso Yáñez en Castrodouro (Alfoz-Valadouro)<sup>51</sup>, lévano a Mondoñedo, onde o teñen preso uns días, e do 1 ao 3

50. É máis, o 19 de xuño do 1493, desde Barcelona, os Reis ordenan aos Oficiais de Galiza que sigan mantendo no seu poder a torre fortaleza de Vilaxoán, polo que hai que colixir que até entón estivo no seu poder; cfr. J. García Oro, «Vivero y la familia de los Pardo de Cela», páxs. 198-199, e no noso apéndice documental doc. n.º 5.

51. Vide Antón X. Meilán García, *Os últimos días do Mariscal (O testamento e a Igrexa mindoniense)*, páxs. 8-12.

— Ese caserón de pedra era a casa de Afonso Yáñez, secretario do bispo, en Castrodouro, onde foi traizoado por segunda vez o Mariscal



de outubro entréganllo aos cóengos para facer o testamento e así recuperar os bens da igrexa mindoniense; dona Constanza morre envelenada e a Fernán Ares, enfermo e ferido por unha pedra dun trabuco, retéñeno para negociar. Con Pardo de Cela non houbo negociacións, malia que «después de presos, daban grandes sumas de oro para la guerra de los moros porque los salvarsen las vidas; pero aquel caballero y aquel letrado no lo quisieron recibir», poñen os cronistas reais; d) a Pardo de Cela dególano, xunto co seu fillo e outros dos seus; no entanto, en Vilaxoán sálvaselles a vida a Fernán Ares e aos que ficaron vivos porque pediu por eles Diego de Andrade. É evidente que se o Mariscal tivese quen pedise por el, bispo mindoniense (co que, segundo afirman algúns historiadores<sup>52</sup>, tiña boa relación) ou algún conde galego, tería salvado a vida. Lembremos que un gran valedor podería ser o Conde de Lemos, parente de Pardo de Cela, mais había sete meses que morrera<sup>53</sup>; e) a Fernán Ares véndeselle o seu patrimonio; a Pardo de Cela incáutanselle todos os seus bens, non llos venden, como estaba lexislado, e entre a curia mindoniense e os levadores, rapiñan a súa facenda; tan só, aos 14 anos da súa degolación, o 23 de xaneiro do 1498, a súa filla Beatriz de Castro recupera a casa do Carballo de Galdo, o Coto de Cajorro e algúns dos bens na vila de Viveiro<sup>54</sup>. Pardo de Cela era un perigo para a política dos Reis Católicos e para a igrexa mindoniense; había que eliminalo e tamén aos seus descendentes, como pasou co fillo, Xoán Núñez Pardo, degolado xunto a el e, despois, a dona Constanza. As consecuencias finais foron que ficou desfeito todo o seu patrimonio e mortos os seus probábeis sucesores.

## DONA CONSTANZA DE CASTRO E AS FORTALEZAS DE VILAXOÁN E A FROUSEIRA

# 6

Hai, pois, na Galiza luguesa dous lugares emblemáticos e simbólicos para todos os galegos e galegas que deberían ser protexidos e rehabilitados polas institucións galegas, Xunta ou concellos correspondentes, polo que representan de loita e resistencia contra a política unificadora dos Reis Católicos e os seus afíns galegos: a torre fortaleza de Vilaxoán, na que un puñado de galegos, capitaneados por dona Constanza de Castro, resistiron e combateron as tropas reais até que «adolesçieron», e A Frouseira, que non foi conquistada senón tomada por traizón, de aí que sexa o único cacho de terra en Galiza non rendido á política asimilista do reino de Castela.

52. Vide Francisco Mayán Fernández, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela, a la luz de nueva documentación histórica*, páx. 50, e Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, «El Mariscal Pardo de Cela. Una injusticia ejemplar», *Torre de los Lujanes, Revista de la Real Sociedad Económica Matritense*, n.º 55, 2005, páxs. 92 e ss.

53. Mentres viviu o Conde de Lemos, a Pardo de Cela, malia que estivo ameazado polos Reis e sitiado na Frouseira, ninguén lle tocou un pelo. Morre o Conde de Lemos e aos sete meses degolan o Mariscal.

54. Un desenvolvemento maior desta comparanza en Antón X. Meilán García, «O cerco á fortaleza de Vilaxoán. A loita e resistencia de dona Constanza de Castro e Fernán Ares despois de Pardo de Cela», apartado 5-7.º, de próxima aparición na revista *Murguía, Revista Galega de Historia*.

A estes dous lugares debemos peregrinar coa seña da vida e da morte, coa fe nos seus ideais e que, tropecemos con quen tropezar, xamais se rende. Aos Pardo de Cela pertécenlles esta honra: a dona Constanza de Castro e a seu pai, o Mariscal Pardo de Cela, aos que unicamente o coitelo do verdugo e o envelenamento das augas puideron con eles. O nome de dona Constanza de Castro desde finais do século XV permanece xunguido a esta torre fortaleza para sempre. Dela partiu a iniciativa de vir a combater polo seu e os seus até morrer nesta torre fortaleza de Vilaxoán. Merece que lle fagamos unha estatua como lembranza desta loita e morte, e para que as vindeiras xeracións non esquezan o nome desta muller, rexa e combativa, que se chamaba dona Constanza de Castro, filla do Mariscal Pardo de Cela.



\_ Cara N.E. Restos dos tirantes da bóveda de canón e seteira

## 1

1484, xaneiro 3, Valladolid.

*Os Reis Católicos ordenan a Don Diego López de Haro, Xustiza Maior de Galiza, non derrubar a fortaleza de Vilaxoán por pertencer ao maiorazgo de Alonso Pérez de Viveiro.*

AG Simancas, RG Sello, 1-1484, fol. 15. Don Fernando e Doña Isabel, etc.

Tomado da edic. de J. García Oro, «Vivero y la familia de los Pardo de Cela», 188-189.

A vos Diego Lopes de Haro, nuestro justicia mayor del Regno de Gallisia, salud e graçia.

Sepades que Don Fernando de Acuña, del nuestro concejo, nos fiso relación que bien sabemos en como por nuestro mandado estavan secrestados todos los bienes del visconde Don Alonso Peres de Vivero y sus vasallos e fortalezase que porque agora dis que vos teneys çerca (sic) la fortaleza de Villajuan la qual dis que es del dicho Visconde e de su mayordomadgo, e que Juan Alvares de Sayavedra ge la entrara e tomara tyranamente e prendiera al alcaide quel tenia en ella puesto; e que, porque se temia e reçelava que vos despues de tomada la dicha fortaleza, la derrocariades o fariades derrocar, lo qual non se devia faser pues que del dicho mayoradgo, por ende nos suplicava e pedía por merçed çerca dello mandasemos proveer e remediar con justiçia, por manera que aunque la dicha fortaleza fuere tomada la non derrocades e ge las tornades e restituyesedes segund e como la el tenia al tiempo quel dicho Fernand Alvares ge la furto, pues el tenia sus bienes e vasallos para pagar las costas que se avian fecho e fasian en el çerco de la dicha fortaleza, por ge la aver furtado como dicho es, e como la nuestra merçed fuese.

Lo qual por nos visto mandamos dar esta nuestra carta para vos en la dicha rason, por la qual vos mandamos que, tomada la dicha fortaleza de Villajuan, non derroquedes nin fagades nin consintades derrocar, fasta tanto que nos vos enviemos mandar lo que sobre ello se deve faser.

E non fagades ende al.

Dada en Valladolid a tres dias del mes de enero de ochenta y quatro años.

El Almirante Don Alonso Enriques, etc. Yo Juan Peres, etc. Gundisalvus Doctor. Alfonsus Doctor.

## 2

1484, Agosto 16, Córdoba

*Con motivo da rebelión de Fernán Ares e coa finalidade de pagar os gastos ocasionados no cerco á fortaleza de Vilaxoán, que aínda estaba en curso, os Reis, D. Fernando e Da Isabel, libran unha carta en Córdoba, o 16 de agosto de 1484, que escribe o seu secretario Álvarez de Toledo a Diego López de Haro, Xustiza Maior de Galiza, co fin de proceder á venda dos bens de Fernán Ares de Saavedra.*

Tomado da edic. de E. Lence-Santar, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela...*, páxs. 81-82.

Abos Don Diego Lopez de Aro nuestro justicia mayor de Galicia salud y gracia sepades que nos abemos sauido que Fernan Dares de Saavedra a sseido y es rebelde contra nuestros mandamientoss e de nuestra Justicia en el Reino e hecho otras cosas e ynquietos contra la dha nuestra Justicia e contra nuestro servicio por lo qual la dha nuestra Justicia queriendo proceder contra el e contra los otros que con el estan en la dha rreuelión con muchas gentes de acavallo de apie tienen cercado e asitiado en una fortaleza que se dice Villajuan de cuya causa se an hecho e hacen muchas costas e danos e por que de sus bienes e basalloss e rentas se pague la gente que estuyese sobre la dha fortaleza e las otras costas que se an hecho e hicieren a su causa e culpa es nuestra merced que para ello se bendan de los dhos sus basallos e bienes e rentas lo que bastare para pagar la dha gente e las otras costas que sean fecho e hicieren en el dho cerco por ende confiando de bos que soys tal que bien e fielmente e sin ningún fraude areis lo que por nos fuere mandado y encomendado por la presente bos damos poder cumplido para que por noss y en nuestro nombre podais traer en almoneda publica por ante escribano publico los dhoss sus vasallos y bienes e rentas e

qualquiera parte dellos e lobended todo en la parte que bastare para pagar la dha gente que a estado y estbiere en el dicho cerco e las otras costas e daños que ende se hicieren porque bos mandamos que luego entredes e tomedes los dichos vasallos e rentas e bienes muebles e raices e loss pongades en precio en la dha almoneda e los bendades e rrematedes en quien mas diere porellos e noss hacemos sanos y de paz los dichos vasallos e bienes a la persona e perssonas que los compraren para agora e para siempre jamars como cossa confiscada y aplicada a nos y a la nuestra camara efisco e ponemos perpetuo silencio al dho Fernan Dares y a sus herederos e suscessores que en ningun tiempo pidan ni demanden los dhos bienes e vasallos a las tales personas que los compraren e mandamos a las dhas nuestras Justicias que agora son o seran de aquí adelante que sobre llo no oyan en juicio ni fuera del antes defiendan e amparen en la posesion dellos a las tales personas que ansi compraren loss dichos bienes e vasallos e rentass muebles e raices e a sus herederos y suscessores para siempre jamás para lo qual hacer todo lo ques dicho e para hacer otorgar todos qualesquiera contratos e bentas e otros autoss que menester fueren para perpetua firmeza de todello por esta nuestra carta vos damos poder cumplido con todas sus yncidencias e dependencias a que pidades e con el pidades e los unos ni los otros no fagades ni fagan ende al por alguna manera sopena de la nuestra merced e la pribación del oficio o oficios e confiscación de los vienes a cada uno de los que lo contrario hicieren para nuestra camara e fisco e demas mandamos al ome que le esta mi carta mostrare que los enplace que parezcan ante nos en la nuestra corte doquier que nos seamoss desde el dia que los emplaçare hasta quinze días primeros siguientes sso la dha pena sso la qual mandamos a qualquier escribano publico que paraello fuere llamado que de ende al que se lo mosstrare testimonyo signado con su ssigno porque nos sepamos como se cumple nuestro mandado.

### 3

1484, novembro, 27. Valladolid.

*Carta executoria da chancelería de Valladolid, que recolle tódolos incidentes do preito entre o Cabido de Mondoñedo e o cabaleiro Pedro de Bolaño, pola que, trala apelación formulada por este, decidiu a favor do referido Cabido, confirmando a sentenza dada por García de la Parra (Cf. Doc. 201B) sobre a Sucesión de Burela.*

A, papel, caderno tamaño folio de 9 follas -dúas en branco-, que conserva parte do selo en seco sobre papel e cera vermella. Letra procesual.

Tomado da edic. de Enrique Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Consello da Cultura Galega, Gallaecia Monumenta Historica, 1999, doc. 202a, páxs. 405-413.

Don Fernando et donna Ysabel por la graçia de Dios rey et reyna de / Castilla et de Leon de Aragon de Seçilia de Toledo de Valençia de Ga/llisia de Mallorca de Seuilla de Çerdanna de Cordoua de Corçega de Murçia / de Jahen de los Algarbes de Algezira de Gibraltar conde y condesa de Barçelona / et senores de Viscaya et de Molina duques de Atenas de Neopatria condes / de Ruysellon et de Çerdania marqueses et condes del Oristan et Goçianno/ a los juezes et alcaldes et alguasiles et otras justiçias et ofiçiales qualesquiera / de la nuestra casa et corte et chançelleria et a los regidores et merinos et o/tras justiçias et ofiçiales qualesquiera de la muy noble villa de Valladolid et / a los asystemtes et gouernadores et corregidores et justiçias mayores / en sus lugares tenientes de las çibdades et villas et lugares del nuestro / reyno de Gallizia et otras justiçias et ofiçiales qualesquiera de las çibda/des et villas et lugares del dicho nuestro reyno de Gallizia et de todas las / otras çiudades et villas et lugares de los nuestros reynos et sennorios que agora son et seran de aqui adelante [...] Sepades que pleito paso en la nuestra corte et chançelleria ante los nuestros oydores de la nuestra audiènçia el qual vino ante/llos por via de apelaçion el qual primeramente fue començado et[...] en la fortaleza de Tores ante çiertos juezes del dicho nuestro reyno de Galli/zia et hera entre partes de la vna parte autores et demandantes el dean / et cabildo de la yglesia de Mondonnedo et su procurador en su nonbre el / qual dicho pleito hera sobre razon de vna demanda que la parte del dicho dean / et cabildo pusera ante el bachiller Pedro Gonçales de Çisneros alcalde ma/yor en el dicho nuestro reyno de Gallizia por don Ferrnando de Oqunna / et el liçençiado Garçia Lopes de Chinchilla justiçias mayores en el dicho / nuestro reyno de Gallizia contra el dicho Pedro de Bolanno en que entre otras / cosas dixo que sus anteçesores que fueran en la dicha yglesia aforaran a / Arias Vasques de Vahamonde aguelo del dicho Pedro de Bolanno la Suçesion / de Burela con todos sus beneficijos et casas et heredades et vinas et terrerias / et pastos de montes et fuentes para el et para todas las otras personas que / después del viniesen al qual dicho Arias Vasques de Vahamonde et Ma/



yor Martines madre del dicho Pedro de Bolanno suçedia en el dicho fuero por / persona et después de la muerte de la dicha Mayor Martynes commo çendien/te ab intestato por el dicho Pedro de Bolanno et sus hermanos fuera / nonbrado por persona del dicho fuero Martin Vasques defunto en el qual / se fenesciera et acabaran las dichas dos personas que despues del dicho / Arias Vasques eran suçedientes en el dicho fuero et al fallasi/miento del dicho Martin Vasques que podia aver dos annos que fallesciera / el dicho Pedro de Bolanno auia tomado et ocupado la dicha Suçesion / et beneficijos et casas et heredades et vinnas et tierras et pastos et montes / et frutos et cosas a la dicha Suçesion anexas que de cada vn anno / a conmunal estimaçion podian valer los frutos della quinse mill mor. pi/dio que condenase al dicho Pedro de Bolanno que les dexase et desen/bargase la dicha Suçesion con sus beneficijos patronadgos et / casas heredades et otras cosas a ello anexas con los dichos / frutos et rentas et sobrello pidio serles fecho cunplimiento de / justiçia segund que esto y otras cosas mas largamente se / contenia en la dicha demanda la qual fuera negada por parte / del dicho Pedro de Bolanno et presentara contra ella vn escrito por / do dixo que non hera tenido nin obligado a cosa alguna de lo / contra ello pedido por çiertas razones que alegara espeçialmente / porque el dicho fuero deçendiente del dicho Arias Vasques en la dicha / donna Mayor su madre aquella abintestato fallesciendo el commo / su fijo primogénito mayor suçedia en persona del dicho fuero por / los dichos dean et cabildo de la dicha yglesia hera tenido et avido fasta / agora et por tal le aprouaran en quanto a el et reçibiera la paga / del dicho fuero. Lo otro porque avnque el dicho Martin Vasques su hermano / leuase et poseyese en sus dias el dicho fuero et bienes del que lo / leuara commo por partixa et herençia que el lo dexara por otros / bienes quanto al vsufruto mas non que fuese persona del dicho fuero / et por ello caso que el fallesciera de la presente vida nonbrara / el dicho fuero antes quedara con el como personas forera que del hera / segund que esto et otras cosas mas largamente los dix por / el dicho escrito contra el qual la parte del dicho dean et cabildo presen/tara otro escrito en que replico lo contrario et dixo que alegara lo que / quisiera en guarda de su derecho sobre lo qual fuera dicho et altercado en el dicho pleito ante dicho alcalde mayor fasta que / concluyeron et el dicho alcalde oviera el dicho pleito por concluso / despues viniera el conosçimiento del ante el bachiller Garçia de la Parra / alcalde mayor en la dicha cibdad de Mondonnedo el que diera en el dicho / pleito çierta sentençia definitiba en fauor del dicho dean et cabildo de la / dicha yglesia de Mondonnedo en que fallara la yntençion de los / dichos dean et cabildo bien prouada et las excepciones por el dicho / Pedro de Bolanno reo et por su procurador en su nonbre puestas / y alegadas non bien prouadas por ende fallara que deuiera / condenar et condenara al dicho Pedro de Bolanno reo et su pro/curador en su nonbre que libremente desenbargase et desocupase / la dicha Suçesion de Burela con todos los beneficijos patronadgos / et las casas vinnas et heredades et molinos et molineras pastos / por dondequier que yvan a montes et frutos con todo lo otro a ella / derete et pertenesçiente anexo et conexo a los dichos dean et cabildo / et de alli non mollestase nin ynpidiese a los dichos dean et cabildo / sobre la dicha posysion et propiedad de la dicha su Suçesion nin / ge lo ocupase de alli adelante la qual dicha Suçesion le an/sy mandaua dexar et desocupar fasta nueve dias primeros / siguientes et condenara mas al dicho Pedro de Bolanno en lo / proçesado et en las costas fechas por parte del dicho dean et cabildo / la tasaçion de las quales reseuara en si et reseuara mas a los dichos dean et cabildo su derecho por que pudiese deman/dar las rentas de la dicha Suçesion al dicho Pedro de Bolanno/ desde el tiempo que las ansy ocupara et ansi lo pronunçiará / et mandara et determinara por aquella su sentençia en aquellos / escritos et por ellos de la qual dicha sentençia paresçe que la parte / del dicho Pedro de Bolanno syntiendose agrauiado apelara / et por el dicho alcalde le fuera otorgada la dicha apelaçion / en seguimiento de la qual se presento con el procurador del / dicho pleito en la dicha nuestra corte et çançelleria ante los dichos / nuestros oydores et presento vn escrito de agrauios en que entre / otras cosas dixera la dicha sentençia difinitiba del dicho / alcalde mayor ser ninguna et do alguna muy ynjusta / et agrauiada por çiertas razones et agrauios que alego / espçialmente porque dicho alcalde que diera sentençia en el dicho pleito / ante dicho su parte por virtud de vn poder que dis que diera a su / hermano Martin Vasques de Vahamonde para que fuese del persona del / fuero que dis que por ante Ferrnando Rodrigues de Saavedra el qual poder he/ra falso et falsamente fablicado et la verdad era que el dicho su parte / non diera tal poder antes dixera que el dicho fuero pertenesçia / al dichos su parte et el lo auia de aver et non el dicho su hermano et juro / que el dicho poder hera falso et falsamente fablicado el qual dicho su parte / non diera tal poder et lo redarguyra de falso çeuillmente / et pidierales que mandasen a las otras partes que declarasen sy querian / vsar del dicho poder commo de bueno et verdadero et dixera et declarara / otras razones en guarda de su derecho et ofreçiose a prouar / ante ellos todo lo por el dicho et alegado en esta ynstançia por / la via de prueba en tal caso oviese lugar et por ser releuado / para prouar pidierales que mandase a las otras partes que feziesen / juramento de calunia segund que

todo esto et otras cosas mas largamente se contenia en el dicho su escrito dentro del qual la parte / del dicho dean et cabildo presento otro escrito en que entre otras cosas dixera que la dicha sentençia del dicho alcalde mayor hera pasada en / cosa judgada et la apelacion della entrepuesta que fincara deziern/ta et pidiolo ansy pronunçiar et desto çesase confirmase la dicha / sentençia et la mandase leuar a pura et deuida esecucion condenan/ do en las costas a la otra parte lo qual deuiera ansy fazer / syn embargo del dicho escrito de agrauios en contrario / presentado que lugar no ha et replico et dixo lo que quisiera / en guarda de su derecho sobre lo qual amas las dichas partes / contendieron altercaron a tanto en el dicho pleito ante los dichos / nuestros oydores fasta que concluyeron. Et los dichos nuestros oydores / ovieron el dicho pleito por concluso et dieron en el sentençia et / reçibieron a la parte del dicho Pedro de Bolanno a prueba de la / falsedad por su parte alegada contra la escritura de poder presentada / antellos por parte del dicho dean et cabildo et a los otras partes a pro/uar lo contrario dello sy quisiesen para la qual prueba fazer / les dieron et asynaron termino et mandaron fazer juramente de calunia segund que esto et otras cosas mas largamente en la / dicha su sentençia se contenia et fazian mençion. Et despues paresçe / que por parte del dicho dean et cabildo fuera fecha çierta prouança / la qual paresçe que fuera presentada dentro del dicho termino la / qual fuera publicada despues paresçe que por parte del dicho Pe/dro de Bolanno ante los dichos nuestros oydores de la nuestra audiençia fuera presentada vna petiçion en que entre otras cosas dixera que en el pleito que el dicho su parte trataua con el dicho dean et calbildo / de la dicha yglesia de Mondonnedo ante los dichos nuestros oydores de la / dicha nuestra audiençia los quales ovieron reçebido al dicho su / parte a prueba de çierta falsedad que alegara en nonbre / contra çierta escritura que el dicho su parte adversa presentara / et a ellos a prueba de la abonacion de la dicha su escritura para / lo qual prouar asynaron çierto termino et nonbraron por reçe/ntores ante quien pasasen et se fiziesen las dichas prouanças / porque hera sobre falsedad a Diego Lopes de Aro et al / dottor del Espinar nuestras justiçias mayores en el dicho nuestro reyno de / Gallizia o a qualquer dellos para lo qual mandaron dar et dieron / nuestras cartas de reçebtoria en forma deui-da et el sacara la carta / para los dichos reçe/ntores ansy para fazer las dichas prouanças de falsedad commo para prouar otras cosas et para reçebir / juramento de calunia de las dichas sus partes aduersas et responder a çiertos articulos pusyçiones commo por que Ferrnand Rodrigues / escriuano ante quien se desya que avia pasado la dicha escritura / de poder et para los testigos que pusyera en la dicha escritura / diziendo que estouieron presentes a el otorgar della que vinie/sen et paresçiesen personalmente en la dicha nuestra audiençia et çançe/lleria ante los dichos nuestros oydores a jurar et deponer sus / derechos sobre la dicha falsedad et que el dicho escriuano truxese antellos / su registro de la dicha escritura de poder que antes se disia que / auia pasado et que se fiziese todo a costa del dicho su parte / la qual dicha carta de reçentoria et prouision el sacara et enbia/ra a la dicha su parte con mensajero çierto el qual adolesçiera / en el camino en tal manera que no la diera tan ayna al dicho / su parte por que estaua enfermo en vn lugar en el camino de / callenturas et quando la diera al dicho su parte heran pasados mas / de çinquenta dias del dicho termino. Et luego que el dicho su parte oviera / la dicha carta de reçentoria enbiara vn procurador suyo con ella / a la çiudad de Betanços do estuan los dichos reçe/ntores et los re/quiriera que fiziesen lo en ella contenido. Et los dichos reçe/ntores non / quisieran dar seguro a çiertos testigos que el dicho su parte queria / presentar para prouar la dicha falsedad porque el los ententaua / **et llamava a pregones porque estauan en conpania de Ferrnand Aarias / de Sayavedra que tenia et tiene forçada la fortaleza de Villajuan / do ellos estauan metidos en fortalesados et en castillados ayudando / al dicho Ferrnand Aarias et fauoresçriendole et los dichos justiçias mayores / por nuestro mandado teniendo(?) çercada la dicha fortaleza et el dicho Ferrnand A/rias et los que con el estauan por que non quieren salir della et la dexar et por / esta causa los dichos reçe/ntores non quisieron dar el dicho se/guro a los dichos testigos et el dicho su parte durante el dicho termi/no fiziera todas sus diligençias para fazer la dicha prouança et / non pudiera fazerla ansy por lo susodicho (a negrita é nosa) commo porque el / dicho su parte estuviera ynpedido de vna graue dolençia / que oviera en que lleugo a ponto de muerte por lo qual no pudiera / enbiar a la dicha nuestra corte et çançelleria ante los dichos nuestros oy/doresde la dicha nuestra audiençia a pedir que le prouiesen sobrello / en aquello se pasara todo el dicho termino de la dicha prouança / segund que lo susodicho hera muy publico et notorio en el / dicho nuestro reyno de Gallizia et por tal lo allegara et el dicho su / parte non pudiera fazer otra cosa sino enplazar con la dicha / carta a los dichos escriuano et testigos para que viniese personalmente [...].**

## 4

1485, maio 13, Córdoba.

*A Raíña Isabel escribe ao Gobernador Diego López de Haro dándolle instrucións sobre a pacificación do Reino de Galiza.*

ADA, Lemos, c. 3-132.

Tomado da edic. de J. García Oro, *Galicia en la Baja Edad Media...*, páxs. 324-325.

Don Diego López de Haro mi Justicia Mayor en el reino de Galicia. Lo que yo mando responder a las cosas contenidas en el memorial que con Francisco de Avila me enviastes es esto: Cuando a lo que decís que por tener buen recaudo en el cerco de Villajuán e en las otras fortalezas que teneis habiades repartido toda la gente de caballo e de pie de vuestra capitania en ellas e que porque vos fallábades sin gente alguna habiades fecho llamar cien lanzas por tener cuerpo de gente para las cosas que ocurriesen en ese reino de Galicia cumplideras a mi servicio, por ende que me suplicábades vos enviase mandar lo que cerca de ello fizieredes y de donde se habia de pagar el sueldo de ellos lo cual por mi visto considerando que cumple a mi servicio que las dichas 100 lanzas por agora las hayais de tener para la pacificación d'ese reino yo vos mando que luego las fagais juntar y las presentedes ante los oficiales del contador que allá están a los cuales mando que se pague sueldo desde el día de sus presentaciones en adelante fasta que se despidan siendo esta 100 lanzas de mas de el número entero de la gente de caballo e de pie de vuestra capitania, e mando que se pague el sueldo a las dichas 100 lanzas de los maravedis de la contribución de la hermandad del dicho reino de Galicia de este presente año que comenzó por Santa María de Agosto del año pasado de 84 y si de esto no se pudiere haber luego dineros para socorrer a la dicha gente mando a Alvaro de Gijón que de los maravedis de su cargo de los dos años pasados pague la dicha gente siendo pagados los dos cuentos de maravedis que yo le envié mandar que me enviase con Luis de Villandrando continuo de mi casa el cual dicho sueldo hay de pagar e pague por nómina de vos el dicho Don Diego López e fe de los oficiales de los contadores que allá están.

En lo que toca a la fortaleza de Castilramiro que decís que se tenga manera con el Conde de Benavente que os la entregue porque cuando este mensajero vino no estaba el Conde de Benavente que estaba con el rey, mi señor, no pudo el llevar el despacho de ello pero yo he mandado escribir el dicho Conde sobre ello y espero que su respuesta venga presto con efecto e que cuando sea venida yo vos la enviaré con otro mensajero que irá en pos de esta.

En lo que toca a la Iglesia de Orense porque fasta haber tomado asiento con el Conde de Benavente no se puede tomar conclusión con el obispo de Orense como quiera que está aquí pero con el mensajero que fue se vos enviara despacho de esto de la Iglesia de Orense.

En lo que toca a la Iglesia de la ciudad de Santiago que me escribistes porque aun no es venido Baltasar con la pesquisa que allá fiço no se pudo entender ni poner en ello; quanto venga se verá la dicha pesquisa e se procedera en ello como cumpla mi servicio.

En lo que toca a la fortaleza de Castro de Rey a mi servicio cumple que en ninguna manera la entregéis al Conde Don Rodrigo y para esto yo vos envío una provisión mía de prorrogación para una año que tengais la dicha fortaleza e aquella cumplid según en ella se contiene.

Y cerca de lo que toca a lo de Ponferrada por otra instrucción mía que vos envié firmada de mi nombre vereis lo que cerca dello vos mando que fagades e aquello poned en obra.

En lo que toca a la libranza de la gente que está allá que era de la capitania de Cristóbal de Medina, la gente de su capitania no eran mas de veinte e cinco las mas dellas yo he mandado el tesorero Rui López que las pague todo el tiempo que allá estuvieren.

En lo que toca a la libranza de la gente de los acostamiento que conmigo viven en este reino de Galicia en lo de la libranza de tenencia (?) de Bayona yo vos mandé despachar lo uno y lo otro y se despachó como el dicho Francisco de Avila vos dirá.

En lo que enviastes suplicar que toca a las cosas del doctor Espinar por non estar aquí el rey mi señor no se pudo entender en ello para agora, cuando su señoría venga Dios queriendo se entenderá en ello e lo que se fiçiese se vos escribirá.

A las otras cosas que tocan a la pacificación de ese reino e buena gobernación de la justicia de el vos mando e encargo pongáis mucho recabdo e diligencia según que de vos confío y todo lo que allá sucediere me faced saber.

De la ciudad de Córdoba a 13 de Mayo de 85.

Así mismo me escribió Alvaro de Gijón que en la recabdación de la contribución de la hermandad de ese reino había alguno embarazos y que no se puede cobrar el dinero ni el pidía enviarme los dos cuentos de maravedís por que allá envié al dicho Luis de Villandrando yo vos mando que entendais luego e tengais manera como de todos estos embarazos se quite y el dinero se cobre y los dichos dos cuentos se me traigan luego porque acá el dinero es necesario para los gastos de esta guerra en que el rey mi señor está.

Yo la reina, por mandado de la reina: Fernán Alvarez.

## 5

1493, xuño 19, Barcelona.

*Os Reis Fernando e Isabel ordenánlles aos seus oficiais en Galiza que manteñan no seu poder a fortaleza de Vilaxoán do Visconde Alonso Pérez de Viveiro.*

Don Fernando e Doña Isabel, etc.

AG Simancas-RG Sello, VI-1493, fol. 280.

Tomado da edic. de J. García Oro, «Vivero y la familia de los Pardo de Cela», páxs. 198-199.

A vos el lugarteniente del nuestro Governador del Reyno de Gallisia e a los alcalldes mayores del dicho Reyno, salud e graçia.

Sepades que por pate del Visconde de Vivero nos fue fecha relación por su petición que ante nos en el nuestro consejo presento, disiendo que al tiempo que Don Fernando de Acuña fue por nuestro mandado governador a ese dicho Reyno, dis que trabajo con el dicho Visconde que le diese la fortaleza de Villajuan para su aposentamiento. E quel dicho visconde lo hiço asy, conosciendo la dicha nesçesidad quel dicho Don Fernando de Acuña tenia della, e que des que la ovo resçibido puso en ella su alcalld. Y que despues Fernand Arias de Sayavedra procuro de tomar la dicha fortaleza e la furto, estando el dicho Don Fernando en Castilla. E que Don Diego Lopez de Haro la çerco e tomo. E que por las costas dellos tomo e tiene los dichos vasallos de dicho Fernand Arias.

E por parte del dicho Vísconde nos fue suplicado e pedido por merçed que, pues nos teniamos la dicha fortaleza de Villajuan e vasallos della e la entrego al dicho Don Fernando, pues que tan nesçesaria era para nuestro serviçio, que la mandasemos dar e desembargar e los vasallos e rentas que con ella tenia.

Lo qual visto en el nuestro consejo e consultado fue mandado aver çierta informaçion çerca de lo susodicho, e vista en el nuestro consejo e con nos consultado, fue acordado que por quanto los otros bienes de dicho Visconde estan secrestados por nuestro mandado; que la dicha fortaleza de Villajuan este en vuestro poder, como agora esta, e los vasallos e rentas della esten segund e como e de la manera que estan los otros bienes del dicho Visconde e como la otra tierra del dicho Visconde. E que deviamos mandar esta nuestra carta para vosotros en la dicha rason. E nos tovimoslo por bien, porque vos mandamos que estando la dicha fortaleza de la dicha Villajuan en vuestro poder como agora esta, los vasallos e rentas della esten segun e como e de la manera que esta la otra tierra del dicho Visconde que por nuestro mandado esta secrestada, e le fagays acudir con las rentas della segun se le acudian con las rentas de su tierra. E los unos ni los otros, etc.

Dada en Barçelona, dies y nueve dias de junio de mil e quatroçientos e noventa e tres años.

Yo el Rey. Yo la Reyna.

Yo Jua de la Parra, secretario, etc. Don Alvaro. Dotor de Alcoçer. El Chançeller. El Liçençiado Malpartida. El Doctor de Oropesa.

O día 22 de maio do 2021 xuntáronse diante da torre fortaleza de Vilaxoán (Caldaloba-Cospeito) representantes de dezanove Asociacións da comarca chairega para reivindicaren a restauración e protección da torre e o seu contorno, debido á súa importancia histórica. O texto que segue é un breve resumo do traballo «A toma de dona Constanza de Castro da fortaleza de Vilaxoán. Loita, resistencia e morte», que foi lido por Antón Xosé Meilán García, profesor da Universidad de Oviedo.

Estou aquí, amigos chairegos, porque esta torre fortaleza está xunguida ao trágico final do mariscal Pardo de Cela, mais non só iso, senón tamén ao trágico final do seu fillo, Xoán Nuñez Pardo, que foi degolado con el. Non sabemos o motivo. Nada din os documentos. É outro misterio e vinganza nesta historia mariscaliana. Só temos unha pequena referencia que nos dá a *Relazón da carta xecutoria*, que di del «*era moço virtuoso de edad de vinte é dous anos, foy sua morte como de vn Martir, porque jamais se achou error, que fosse contra pesoa algúa, mor nen menor, se non por os pecados de seu padre, é querelo defender como deueo, que o matavan; sepultarono junto a él. Deus aja misericordia co a sua alma*», mais agora visto desde a perspectiva de hoxe e da historia de Pardo de Cela, sen lugar a dúbida, nin en Castela nin no Bispado mindoniense o querían vivo pois temían que seguise os pasos do pai. Estaban no certo. E cortaron polo san. Degolárono co pai. Así, sen máis: morte e sangue, novamente. Se foi Constanza quen tomou a iniciativa de meterse en Vilaxoán, que non faría un home de 22 anos que andaba canda o pai de refrega en refrega? Con toda certeza, meteríase aquí, xunto coa súa irmá, para vingar a morte do pai. O sangue dos Pardo de Cela era así: inconformista, rebelde e loitador até o final. E quero recordaros que Pardo de Cela, o derradeiro día da súa vida, ese mesmo día en que degolaron o fillo, saíu da casa dun cóengo, [onde lle fixeron facer o testamento], para a praza onde tamén o axustizaron. Non foi desde o cárcere mindoniense, onde estivo preso varios días, para a praza (como foi o fillo), non, foi da casa dun cóengo da catedral de Mondoñedo para o cadafalso. Sempre os cregos polo medio. E unha vez que é executado por mandato de Fernando de Acuña e as bendicións da igrexa mindoniense, a súa filla dona Constanza de Castro e o seu home, Fernán Ares de Saavedra, deciden en consello familiar meterse (con un puñado de criados) nesta fortaleza de

Vilaxoán para lles botaren un pulso aos Reis Católicos e trataren de recuperar os bens que lle foran incautados nada máis ser asasinado o Mariscal. Dona Constanza e Fernán Ares seguen, amigos chairegos, como Pardo de Cela loitando contra a política invasora dos Reis Católicos. Seguían defendendo o seu.

Nesta fortaleza, dona Constanza e os seus combateron máis dun ano, polo menos 13 meses, contra as tropas reais, ás que se sumaron as dos Andrade e as de Álvaro González de Ribadeneira. Din os documentos que esta torre fortaleza estaba sitiada por moitos homes de pé e a cabalo. Eran, amigos chairegos, tres grupos de tropas, cada un coa súa xente armada para tomar Vilaxoán. Que foi unha loita dura, aínda se pode contemplar na cara sur da torre, onde son visíbeis varios ocos feitos polas pedras dos trabucos, unha das cales feriu a Fernán Ares, dínolo Vasco de Aponte *«Y Fernán Ares, que también adolesçio, fué ferido de una piedra de un trabuco»*. Aquí combateuse fortemente e sen piedade. En Vilaxoán, na vosa terra, amigos chairegos, este puñado de galegos capitaneados por dona Constanza loitou até desfalecer, até que as súas forzas non puideron máis. E segue dicindo Vasco de Aponte *«Y porque le secó el pozo de agua, hinchóse de agua llovediza, y pudriose toda; de manera que todos adolesçieron y la señora falleçió de dentro»*. [O 27 de novembro do 1484 estaban dentro] Alguén pode crer que nos meses de decembro ou xaneiro, en pleno inverno en Galiza, pode secarse un pozo? Dádelle voltas. Non creo nesta explicación, compañeiros. Empregan a mesma artimaña que na Frouseira: despois de 2 anos e medio de mortes, ante a imposibilidade de tomala polas armas, subornan os criados e tómana por traizón, e en Vilaxoán, despois de 13 meses de rexa loita e ante a imposibilidade de derrotalos polas armas, envelénanlles as augas. Esta historia mariscaliana está chea de trampas, traizóns e mentiras que pretenden ser históricas. Sempre con enganos e trapazas: o bispo mindoniense presentou nun xuízo un testamento falso de Pardo de Cela (coa asinatura falsificada) que lles puxo unha neta do Mariscal porque o Bispado collera unhas terrorías (cando lles incautaron os bens) que eran deles. A Pardo de Cela cólleno en Castrodouro porque lle tenden unha trampa na casa de Fonso Yáñez, que era o capelán do bispo. Hai todo un regueiro de feitos mouros, moi mouros. E unha liña directa entre os cregos mindonienses e a degolación do Mariscal. A Frouseira nunca foi conquistada polas tropas castelás; por iso é o único cacho de terra ceibe coa que non puido a política asimilista dos Reis Católicos, e Vilaxoán tampouco foi conquistada nin derrotada polas armas: «envelenánlles as augas» e tiveron que depor a loita porque dona Constanza morreu e os demais «adolescieron». Loitaron até que non puideron máis. E por todo isto, Vilaxoán, como a Frouseira, son un símbolo de loita e resistencia para todos os galegos, polo menos para os que coñecemos esta tráxica historia.

Son, pois, dúas fortalezas simbólicas para nós, ás que temos que peregrinar coa ilusión do que arela unha Galiza de seu, porque representan esa Galiza loitadora e que non se rende nin nos peores atrancos. Debemos protexelas e restauralas como sinal e lembranza desa Patria soñada. Aquí, ademais, en Vilaxoán, compañeiros, está enterrada dona Constanza de Castro, esa muller que pagou coa súa vida un longo ano de loita contra as tropas de Castela. Polo tanto, esta é terra sagrada, é terra que debemos venerar porque estamos

pisando os ósos e o sangue dos que aquí loitaron. E vouvos facer unha proposta, á que todos os que estamos aquí debemos comprometernos: temos que facerlle unha estatua a dona Constanza. Hai que facerlle unha estatua ao pé desta torre como homenaxe porque representa o símbolo desta loita en Vilaxoán, e ademais, para que as xeracións vindeiras non se esquezan de que unha muller co sangue dos Pardo de Cela e un puñado de galegos loitaron até a extenuación das súas forzas contra as tropas castelás e as dos seus achegados galegos. A Frouseira e Vilaxoán representan a forza dunha Galiza que resiste e loita, mais Vilaxoán aínda foi máis alá porque representa o último bastión dese antigo reino de Galiza, que vén xa do reinado suevo e que ten as raígames nos celtas galaicos e o Monte Medulio [preferiron morrer a seren romanizados], na que aquela xente loitaba até o esgotamento contra as tropas invasoras. Por todo isto, A Frouseira, Vilaxoán (Caldaloba), deben seguir en pé, teñen que seguir en pé.

E quero terminar cuns versos do noso gran poeta chairego, Manuel María, que resumen parte do que vos dixen:

## **HAI SOMBRAS QUE SEMPRE NOS ASOMBRAN E ALBORADAS QUE NON VOLVEN NUNCA MÁIS**



## Antón Xosé Meilán García

Antón Xosé Meilán García (Mondoñedo, 1950) é profesor Emérito da Universidade de Oviedo, onde se licenciou coa tesina *Arcaísmo y conservadurismo lingüístico en el Concejo de Castropol* (1980) e se doutorou coa tese *La oración simple y compleja en la prosa castellana del siglo XV* (1989). Entre outros traballos ten publicados: «De cuestiois históricas e lingüísticas sobre “el galego de Asturias”», en *Lingua e Cultura Galega de Asturias*, Edc. F. Fernández Rei, Xerais, Vigo, 1994; «Aspectos diacrónicos e sincrónicos do galego de Asturias» *Revista de Filoloxía Asturiana*, I, Alvízoras-Trabe, Uviéu, 2001; «Manuel Leiras Pulpeiro: un poeta de onte e de hoxe “maldito e maldecido”», *Monfadal*, Revista de cultura mindoniense, I, 1998; «Onde o mundo se chama Manuel María e as *Elexías á miña vida pequeniña*», en *Caderno de Estudios Chairegos*, Instituto de Estudios Chairegos, Vilalba, 2004; *O “mito” do Mariscal Pardo de Cella (Historia, lendas e literatura)*, Asociación Cultural “O mundo de Galea”, A Mariña Lucense. El Progreso, Artes Gráficas, S.L. 2004; «O último ano do Mariscal Pero Pardo de Cella: o cerco e a traizón da Frouseira», *Murguía*, Revista Galega de Historia, Santiago de Compostela, XIII, 2007; «O cerco á fortaleza de Vilaxoán: a toma e resistencia de dona Constanza de Castro e Fernán Ares despois de Pardo de Cella», *Murguía*, Revista Galega de Historia, Santiago de Compostela, (en prensa).

## LOITA, RESISTENCIA E MORTE

DONA CONSTANZA DE CASTRO  
TOMA A FORTALEZA DE VILAXOÁN.

### COLABORAN :

Castiñeiro Milenario (Begonte), Xotramu (Muimenta), Asociación Cultural Xermolos (Guitiriz), Fundación Manuel María de Estudos Galegos, Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA) (Vilalba), Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, Clube Cultural Valle-Inclán (Lugo), Centro Social Madia Leva (Lugo), A. C. Cultura do País (Lugo), Asociación veciñal de Cabreiros (Xermade), A. C. Os Vilares. Lareira de Soños (Os Vilares, Guitiriz), Irmandade Manuel María da Terra Chá, Nova Poesía Guitirica (Guitiriz), A. C. Poeta Avelino Díaz (Meira), A. C. Lugo Patrimonio (Lugo), Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde, A.C. PolKA (Pol), A.C. e C.S. A Chave das Noces (Montecubeiro-Castroverde), A.C. Chimchiribote (Pol), A.C. M de Meira (Meira) e Carballo Vivo (Friol).